



BO DÍA!!!

Que tal foi a fin de semana? Espero que ben!!!

Teño que dicirvos que esta **semana** será **curta** pois o xoves e venres non hai colexio. E diredes...se xa non imos á escola desde fai días! Seino pero o día 1 maio é o día do traballador e nunca hai colexio e o día anterior o tiñamos escollido para que non fora lectivo. Polo tanto, esta semana escolar especial só ten luns, martes e mércores.

Non tiñamos moito que corrixir de natu e as mesturas, non? Hoxe vou enviarvos as **correccións sen vídeo** porque penso que non teredes ningunha ou moi poucas dúbidas. Imos aló...

- *Responde as seguintes preguntas relacionadas coa mestura misteriosa:
Esta mestura poderíamos chamala doutro modo, non? Que nome sería?*

Claramente, podemos chamarlle biscoito de laranxa ou biscoito, non? É o nome máis habitual para este tipo de mesturas.

*No paso 3, indícase de facer unha mestura entre a fariña, o lévedo e o azucre.
Que tipo de mestura saíu?*

Penso que ese tipo de mestura é heteroxénea pois vemos o azucre entre a fariña e o lévedo.

Podería valer mestura homoxénea se o azucre é en po.

No paso 5, que tipo de mestura conseguimos cando integramos todos os ingredientes?

Ao mesturar todo, queda unha mestura heteroxénea pois vense (penso eu) os anacos de laranxa. De non verse nada de nada, entón sería unha mestura homoxénea.

Mmm que olor máis bo! Cortamos un anaco e...que tipo de mestura conseguimos despois do tempo de forno?


Ao cortar un anaco podemos ver unha mestura heteroxénea pois vense ese anacos pequenos de laranxa. Se non os vedes, entón sería unha mestura homoxénea.

Deixo o enlace ao vídeo dos que mandaron o resultado da mestura especial! Sei que moitos comestes o biscoito pero non deu tempo a facer a foto...NON PASA NADA! Espero que gustara moito e podades facer esta rica mestura moitas veces máis.

E os que non tiveron tempo, podedes facela calquera día...



<https://youtu.be/ujrZLxd4XiU>



ATA O LUNS QUE VEN!!! Habará sorpresa e espero que vos guste moito porque preparareino con moito cariño...